



CONCELLO DE SANTA COMBA

TERRA DE XALLAS

PRAZA do Concello, 1 - 15.841 SANTA COMBA (A CORUÑA) - Telfs.: 981 88 00 75 - 609 24 11 38 E-MAIL: CORREO@SANTACOMBA.DICORUNA.ES

ANUNCIO PUBLICACIÓN LUGAR, DATA E HORA DO PRIMEIRO E SEGUNDO EXERCICIOS DO PROCESO SELECTIVO, DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL DO CONCELLO DE SANTA COMBA (A CORUÑA), ORZAMENTO 2010.

En execución do fallo da sentenza 00223/2017 de data 11 de decembro de 2017, ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 e ratificada polo T.S.X de Galicia Con/ad Sec. 1 mediante sentenza 00457/2018 de data 31 de outubro de 2018 en relación a convocatoria de selección e provisión dunha praza de funcionario de carreira, de acordo coa Oferta de Emprego Público deste Concello para 2010, polo procedemento de oposición e acceso quenda libre, do grupo C Subgrupo C1 dos establecidos no artigo 76 da Lei 7/2007, de 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público, da Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Policía Local, denominación Policía Local, dotada conforme se establece no Cadro de Persoal, aprobada xunto co Orzamento Xeral en data 22 de xullo de 2010; modifícanse as bases que rexen a convocatoria para a selección e provisión dunha praza de policía local do Concello de Santa Comba (A Coruña) orzamento 2010.

No Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 26, do 9 de febreiro de 2021, publicouse a resolución de alcaldía número 1366/2020 de data 29 de decembro de 2020 de modificación das bases que rexen a convocatoria para a selección e provisión dunha praza de Policía Local do Concello de Santa Comba (A Coruña) e a listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos a dito proceso.

En virtude do exposto, esta Alcaldía

RESOLVE:

Primeiro.- O primeiro exercicio do proceso selectivo, correspondente á proba de avaliación de coñecementos, terá lugar o día 26 de febreiro de 2021, no pavillón de Fontenla, (Rúa Lugo), en chamamento único que se iniciará ás 10.30 horas. Deberán acudir co DNI ou documento fidedigno e con bolígrafo azul.

Non se permitirá a presenza de acompañantes e o persoal aspirante deberá seguir as indicacións e resolucións do tribunal.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realicen os exercicios con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.

Segundo.- O segundo exercicio do proceso selectivo, correspondente á proba de avaliación do coñecemento da lingua galega, realizarase a continuación da primeira proba, unha vez rematada esta.

Santa Comba,

O Alcalde,

Dou fe, A Secretaria Xeral

David Barbeira García

Cristina Alonso Losada